

**NORMATIVA ACADÉMICA PARA O ALUMNADO DE INTERCAMBIO DA
FACULTADE DE COMERCIO (FC) DA
UNIVERSIDADE DE VIGO**

Aprobada en Comisión Permanente do 20 de outubro de 2023

Esta guía pretende orientar o proceso de intercambio internacional e nacional na Facultade de Comercio (FC) da Universidade de Vigo.

1. PERSOAS SOLICITANTES

Poden solicitar os programas de intercambio o estudiantado que desexe cursar noutra universidade a totalidade ou parte do 3.º ou do 4.º curso do Grao en Comercio. No caso dos programas Erasmus e SICUE, o alumnado matriculado no Grao en Comercio poderá optar exclusivamente aos destinos ofertados para a FC. É responsabilidade de cada estudante o comprobar que cumpre os requisitos establecidos polas universidades de destino para as que solicite un intercambio, e que a oferta académica de devandita universidade inclúe materias no idioma no que desexa cursar os seus estudos.

Calquera estudante que opte por cursar estudos de intercambio nun ou máis programas nacionais ou internacionais durante máis dun curso académico poderá obter o recoñecemento dun máximo de 108 créditos ECTS. A única excepción deste límite recollerase para os casos do dobre titulación en dous cursos consecutivos, se os convenios así o estipulan.

2. CRITERIOS DE SELECCIÓN

- O expediente académico.
- Coñecementos acreditados da lingua do país de destino e, no seu caso, da lingua en que se cursarán os estudos; ademais, teranse en conta os coñecementos doutras linguas estranxeiras. Para estes efectos, o Centro de Linguas convoca probas de idiomas para quen non teña correspondente acreditación do nivel.
- Unha vez establecida a listaxe de prelación, con base nos criterios anteriores, reorganizarase de modo que terá preferencia quen teña superado os 60 créditos ECTS do primeiro curso.
- Tamén se poderán considerar outros requisitos das universidades de destino.

3. PROCESO DE SELECCIÓN E ASIGNACIÓN DOS DESTINOS

No caso de que sexa necesario un proceso de selección dos destinos (tipicamente no caso do programa Erasmus), este realizarase de modo presencial ou virtual síncrono. As persoas solicitantes serán convocadas a unha reunión, presencial ou por videoconferencia, na que se asignarán as prazas por orde de prelación.

Cada solicitante só poderá optar aos destinos que tivera solicitados, e isto necesariamente na orde de preferencia nos que os solicitara. Non poderá modificar esta orde de preferencia, nin optar a outros destinos que non solicitara. Unha vez escollido destino, non se admitirán solicitudes de cambio de destino.

Calquera estudante que non poida asistir á devandita reunión poderá designar mediante un escrito asinado e a copia do DNI, NIE ou pasaporte, a outra persoa como representante. Devandito escrito deberá ser enviado por correo electrónico á persoa responsable de mobilidade do Centro, ou entregado no Decanato da FC, en calquera caso con alomenos 24 horas de antelación con respecto á reunión.

No caso de que alguén non asista à reunión de selección de destinos nin delegue noutra persoa, decae no seu dereito de elección do destino e só poderá optar ás prazas vacantes, se quedasen e se figuraban entre as peticións que realizase. Antes de elaborar a listaxe definitiva, que se comunicará oficialmente á ORI, publicarase a listaxe provisional dos destinos asignados e estipularase un período para reclamacións.

4. ACORDO DE ESTUDOS E RECOÑECIMIENTO

Cando se confirmen as prazas, cada estudante elaborará e asinará un acordo de estudos (*learning agreement* ou *LA* no caso do programa Erasmus) de acordo coa persoa responsable de mobilidade da FC. Este documento permite incluír as materias da Universidade de Vigo e as do destino. Non se poderán incluír no acordo:

- As materias de 1.º ou 2.º curso do Grao en Comercio.
- Materias de dous cursos diferentes. Só se poderán incluír materias de 3º curso, ou de 4º curso, pero non de ambos.
- As materias matriculadas con anterioridade ao desprazamento, independentemente de que o/a estudante se presentara ou non a algunha convocatoria de avaliación.
- O Traballo Fin de Grao

Como norma xeral, e para garantir o compromiso da Universidade de Vigo e da FC cos programas de intercambio e mobilidade do estudiantado, tanto nacionais como internacionais, o alumnado de intercambio deberá incluír no seu acordo de estudos un **mínimo de 48 créditos ECTS e un máximo de 60 créditos anuais, ou un mínimo de 24 créditos e un máximo de 30 créditos cuatrimestrais** (ou a súa equivalencia) a cursar no destino, a un nivel de estudos similar ós da titulación que cursen, sempre que sexa posible. E, en todo caso, alomenos o mesmo número de créditos que os que se inclúan do Grao en Comercio da FC. Tódolos créditos cursados no destino figurarán no expediente académico, mesmo si totalizan un número de créditos superior aos que serán obxecto de recoñecemento na FC.

No caso de destinos nos que non se utilicen os créditos ECTS como medida para cuantificar o volume de traballo correspondente a cada materia (como pode ser o caso en destinos fóra da Unión Europea), de maneira xeral utilizarase como criterio de equivalencia o volume de traballo típico para un curso académico.

Os modelos de acordo de estudos das universidades de destino non serán válidos para os recoñecementos na Universidade de Vigo. Só o que estipule a Universidade de Vigo, ben sexa a través da Secretaría Virtual, ou a través da plataforma online que se destine para este fin, asegura a súa validez, e que, no seu caso, o suplemento europeo ao título sexa emitido correctamente.

O/a estudante é responsable de solicitar a cada unha das partes que valide o acordo, e de asegurarse de que efectivamente cada parte fai efectiva a validación do acordo usando o procedemento establecido pola Universidade de Vigo, xeralmente de maneira electrónica na plataforma que a Universidade de Vigo estableza para tal fin; ou, se isto non fora posible, mediante sinatura electrónica. Deberá ademais asegurarse de remitilo de maneira inmediata à persoa responsable da FC. O mesmo será de aplicación a calquera modificación de este acordo que se realice durante a estancia (véxase apartado 6).

En calquera caso o alumnado é responsable de custodiar e de asegurarse da corrección do o acordo de estudos, que lle poderá ser reclamado ao finalizar a súa estancia de intercambio e antes de que se lle recoñezan os estudos.

5. MATRÍCULA

O alumnado indicará o seu carácter de intercambio na secretaría cando realice a matrícula. Todas as e os estudantes deben ter os acordos validados antes do **30 de xuño** para estadias

de 1º cuatrimestre ou curso completo, ou antes do **1 de novembro** para estadias de 2º cuatrimestre, sen perxuício dos prazos que impoña a universidade de destino.

As e os estudantes teñen a obriga de matricularse na Universidade de Vigo das materias que figuran nos seus acordos de estudos como estudantes de intercambio.

6. MODIFICACIÓN DO ACORDO DE ESTUDOS

Unha vez no destino, cada estudante é responsable de cumprir os requisitos estipulados pola institución receptora (matrícula, asistencia á clase, realización das prácticas e traballos, superación dos exames, pago das taxas e outros conceptos, comportamento na residencia, actividades, etc.) ata conseguir superar as materias incluídas no seu acordo de estudos ou realizar os cambios necesarios. **Calquera modificación no acordo deberá consultala coa persoa responsable na FC**, quen decidirá a validez e pertinencia da devandita modificación. Para que una modificación teñan validez, deberá ser aceptada pola persoa responsable da FC, así como pola universidade de destino.

O alumnado disporá **dun mes desde o comezo das clases** para que estude os cambios e solucione os problemas respecto da coincidencia das materias os mesmos días, as mesmas horas, as materias anuladas, as materias en distinto idioma do previsto etc., e presenten propostas alternativas. O alumnado afectado explicará os motivos dos posibles cambios e ademais enviaranse as propostas de cambio. A persoa responsable académica na FC poderá solicitarlle ao alumnado máis información (programas das materias, enderezo electrónico de contacto co profesorado estranxeiros, horarios, etc.). Despois de que obteña a evidencia necesaria, autorizará o cambio ou propoñerá alternativas. O alumnado deberá acatar estas alternativas ou elaborar novas propostas ata que a persoa responsable as acepte. Unha vez aceptadas, a persoa responsable na FC validará os cambios e cada estudante validará de novo a modificación do acordo de estudos, ademais de solicitar a validación de todas persoas responsables tanto en destino como en orixe.

Logo de realizar os cambios, o estudantado deberá comprobar que todas as materias que figuran no acordo de estudos son as que realmente está a cursar. Este acordo de estudos será o definitivo.

De maneira xeral, é de aplicación á modificación do acordo todo o establecido no punto 4 anterior. Concretamente, é responsabilidade do estudantado a obtención da aceptación e a correspondente validación de cada unha das partes, así como a custodia do acordo firmado, que deberá presentar á persoa responsable da FC ao finalizar a súa estancia.

7. EXAMES E CUALIFICACIÓNS

Ao rematar a estancia de cada estudante, a universidade de destino emite un **certificado de notas orixinal** (*transcript of records* ou *ToR*) que é o único documento que permite o recoñecemento de estudos. Cando a persoa responsable da FC dispoña dos orixinais do acordo de estudos e do certificado de notas, comprobará que as materias coinciden en ambos os documentos. **Toda materia que non coincida co acordo de estudos final non será recoñecida.**

No caso de que o acordo de estudos establecese una correspondencia explícita de cada materia de orixe con materias de destino (tipicamente no caso de mobilidades SICUE), as cualificacións trasladaranse directamente reflectindo dita correspondencia.

No caso de que non se establecese correspondencia explícita de cada materia de orixe con materias de destino (tipicamente no caso de mobilidades Erasmus ou outras internacionais), aplicarase o principio de recoñecemento en bloque. Polo tanto, de maneira xeral, realizarase unha **media ponderada das notas obtidas na universidade de destino**. A ponderación corresponderá ó número de créditos de cada materia. O resultado será a nota que se concederá a todas as materias de orixe incluídas no acordo. Para o cálculo desta media teranse en conta o total de créditos do destino que figuraran no acordo de estudos, aínda que fora superior ó total de créditos da FC que figuren en dito acordo.

De atoparse materias do destino suspensas, que supoñan en total un número de créditos superior ó 50% dos créditos dalgunha materia de orixe (por exemplo, unha materia de 4 ECTS en destino, fronte a unha materia de 6 ECTS en orixe), constarán como suspensas o número de materias na Universidade de Vigo, aproximadas en contidos e que totalicen número de créditos o máis aproximado posible ás suspensas en destino. Para as restantes materias, aplicarase o procedemento de cálculo da media indicado no parágrafo anterior, excluindo deste cálculo as devanditas materias suspensas en destino.

Aplicarase o mesmo principio se, aínda que as materias do destino suspensas non supoñan en total un número de créditos superior ó 50% dos créditos dalgunha materia de orixe, a media das notas tendo en conta ditas materias resulta ser inferior a 5 sobre 10.

O mesmo principio aplicarase tamén no caso de materias que consten como “Non presentado/a” en destino, o que resultará, no seu caso, en materias que constarán como “Non presentado/a” na Universidade de Vigo.

Os baremos de equivalencia de notas entre destino e orixe para os recoñecementos serán aplicados pola persoa responsable académica de mobilidade da FC. Unha vez rematado o recoñecemento, enviarase toda a documentación á Secretaría do Alumnado da FC, que lle dará entrada verificando o expediente de intercambio de cada estudante e o incorporará ao seu expediente académico.

O recoñecemento dunha materia da universidade de destino por outra na Universidade de Vigo nos cursos anteriores non é garantía de que se manteña nos anos posteriores. Queda baixo o criterio da persoa responsable da FC.

Se hai diverxencia entre as notas esperadas e as que figuran no certificado ToR, o/a estudante será responsable de solicitar á universidade de destino que corrixa o certificado erróneo. En particular, se o ToR omite algunha materia das incluídas no acordo de estudos, o/a estudante será responsable de solicitar á universidade de destino que corrixa esta omisión. En caso de non corrixir esta omisión, entenderase que dita materia non foi superada, aplicándose o criterio de recoñecemento indicado anteriormente neste apartado. Unha vez transcorrido un mes desde recibilo ou desde que se pechou a revisión, considérase que o recoñecemento é válido. Debido a que o Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE) pode solicitar ao azar algúns destes expedientes para realizar as auditorías de calidade, todos os orixinais, tanto do acordo como do certificado de estudos, deben archivarase no expediente académico da FC.

8. DISPOSICIÓN FINAL

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte á súa aprobación polo órgano pertinente da FC, e será de aplicación para todo o estudantado da FC, incluído o que xa estivera realizando calquera tipo de intercambio dos referidos nesta normativa no momento da súa aprobación.